

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE EDUCACIÓN,  
BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE DATA 29 DE XULLO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e quince minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil oito, reúnen-se en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que están presentes, entre outros, os señores concelleiros don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, e don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

**1º Proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes para a participación no Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, que convoca a Deputación Provincial da Coruña e aprobación de proxecto**

Vistas as bases reguladoras do Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, que convoca a Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP n.º 128, de data 5 de xuño de 2008.

Vista a circular procedente da Deputación Provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao núm. 8675 o día 9 de xullo de 2008, na que se comunica que o prazo para presentar as solicitudes de participación ao abeiro dese plan provincial finaliza o día 31 de xullo de 2008.

Visto o proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico municipal, de data 10 de xullo de 2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 23 de xullo de 2008.

Aberto debate, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, pregunta se está garantido o sistema de alimentación da iluminación.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que hai dous informes. Piden unha potencia de 100 quilowatts, pero están estudando a posibilidade de pedir unha potencia menor e meter un xerador de 80 quilowatts para utilizar só no caso de competicións, para que o custo sexa menor.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pregunta se da instalación que hai actualmente non se pode utilizar nada.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que si. Os postes que hai actualmente quedarán igual pois valen para campos de entrenamiento, pero para as competicións oficiais esixen as tomas.

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Participar no Plan de iluminación e outros complementos dos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que se solicita realizar o investimento que a continuación se indica:

Denominación: Proxecto de iluminación e outros complementos no campo municipal de Lendoiro-A Barcala

Orzamento:	72.835,76 euros
Achega municipal:	12.835,76 euros
Achega provincial:	60.000,00 euros

Segundo: Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito suficiente para o seu financiamento.

Cuarto: Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución da obra.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin recibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sexto: Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sétimo: Facultar ao alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Jaime Manuel López Lisnier

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia